


Engadidos ao Pórtico de Praterías

OBRA: David de Prateiras. O rei David músico
AUTOR: mestre de Praterías
CRONOLXIA: século XII
ESTILO: escultura románica
UBICACIÓN: contraforte esquerdo da fachada de Praterías e orixinariamente na Portada Norte



Estamos ante a imaxe situada no lateral esquerdo, no contraforte, da Portada de Praterías. Orixinariamente procede da portada Norte. Unha porta, que segundo o programa iconográfico estaba adicada á creación, o Pecado e a Expulsión do Paraíso.

Material

Está feito en **granito** e é **un relevo** que sobresa bastante con respecto ao fondo.

Tema

Representa **ao monarca israelita, David, tocando a fídula. David é representado en moitas ocasións e en diferentes momentos. Aquí como rei, descendente de Xesé e polo tanto antepasado de Cristo**

Composición

O xeito de representalo tradicioanl era como está aquí. Está sentado (figura sedente) no seu trono, leva corona, vestido con túnica e manto prendido no ombreiro. Está tocando un instrumento xa que a súa música acompañaba aos Salmos. O trono ten **dosel e patas** rematadas en garras de león.

Como é?

- É unha figura **serena e altiva**
- O corpo está en **posición frontal** mentres a **cabeza xira** cara da dereita de xeito que apreciamos o seu perfil.
- Os cabelos son longos e caen sobre ombreiros en bucles soltos.
- A barba coidada en pequenos rizos.
- Cunha man sostén o instrumento e coa outra suxeita o arco para tocar
- As pernas cruzadas e calzados os pés
- e os pés están pisando un león como símbolo do seu **poder sobre o mal** e polo tanto como salvador e **prefiguración de Cristo**. Parece aplastar unha cabeza cunha das patas e tamén unhas

mans contando moedas. Son representacións do mal fronte á música de David que representa a orde, a bleza e a virtude.

A **talla do escultor é profunda, especialmente** nos pregues do centro e máis superficial no brazo e perna do lateral esquerdo..

A obra é un exemplo do bo facer do mestre de Praterías **cunha calidade que sobresaie entre o conxunto escultórico da Portada.**

A continuación:

*Autore: **recalcando a importancia do autor coas características***

Logo Porque é románica

Logo o que queiras de Praterías e do contexto

OBRA: Eva con caveira
AUTOR: Mestre de Praterías
CRONOLOXÍA: século XII
ESTILO: escultura románica
UBICACIÓN: tímpano esquerdo de Praterías. Hai que poñela en relación as figuras que están no tímpano.



Na imaxe temos a representación dunha figura feminina situada no tímpano esquerdo de Praterías.

Material

Está feita en **granito** sobre placa rectangular. Relevo que sobresaie bastante

Tema

Eva, tema relixioso

Como é?

Está representada do xeito tradicional: é unha muller de formas grosas e co cabelo solto e algo despeiteada o cal simboliza a súa moralidade

- A figura está **sentada en posición frontal**
- Está sobre nunha cadeira que remata en garras de león e cabezas de león na parte de arriba.
- Está **semiespida**
- Cuberta con panos pregados que nos deixan adiviñar a súa **poderosa anatomía**

- Pernas con anatomía marcada (xeonllos, nocelos..) que se transparentan baixo os panos (a da esquerda)
- En canto ao rostro:
 - ✓ O rostro é redondo e vigoroso
 - ✓ O rostro é expresivo
 - ✓ O peiteado desordenado con **guedellas soltas**
- E, sobre o seu colo, os dous brazos, tamén poderosos; sosteñen e recollen unha caaveira

Que representa? Hai varias interpretacións :

1.-Interpretoise como a **muller adúltera**

Interpretoise como unha figura feminina que sostén nas mans a cabeza putrefacta do amante arrincada polo esposo que obríga a bicala dúas veces ao día. Esta é unha das interpretacións: a muller adúltera.

2.-Actualmente vese nela a **figura de Eva sostendo á Morte** da que é causante xa que ela é enxendradora de seres mortais. Eva é a contraposición á figura da Virxe (que está no tímpano da dereita) quen a través do seu Fillo é enxendradora de Vida. Eva é pois **simboliza o pecado e a morte; María o perdón e a vida.**

Esta figura polo tanto ten **unha función moralizante**

Tamén é un exemplo claro **da escultura avanzada** e de calidade técnica do conxunto de Praterías

A continuación:

Podes falar do resto do tímpano


Autores: primeiro as características do autor (moi importante) dela e logo outros Tentacións) Porque é románica

Logo o que queiras de Praterías e do contexto

OBRA: Tímpano esquerdo de Praterías. Tímpano das Tentacións.
AUTOR: Mestre das Tentacións e de Praterías (Eva)
CRONOLOXIA: século XII
ESTILO: escultura románica
UBICACIÓN: portada de Praterías
As figuras do ben no lado esquerdo, as figuras do mal no lado dereito
É a victoria de Cristo sobre as tentacións; a victoira do Ben sobre o mal. Aos espectadores quedalle claro cal é a maldade representada polos deformes demos e por Eva.



OBRA: Tímpano dereito de Praterías. O tímpano da Paixón
AUTOR: Mestre da Traición e de Conques
CRONOLOXIA: século XII
ESTILO: escultura románica
UBICACIÓN: portada de Praterías



OUTROS DE INTERÉS

Os danos causados polo incendio de 1117, cando a raíña Urraca e o arcebispo Xelmírez son sitiados na catedral, seguramente fan cambiar os plans iniciais, de maneira que se abandona a execución da portada oeste, pasando un dos seus grupos (a **Transfiguración**) a ocupar o lugar central do friso de Praterías. Perdéronse as figuras de Cristo e Pedro, pero consérvanse dúas obras mestras realizadas en mármore que reproducimos no texto: Santiago entre os cipreses do monte Tabor e Abraham saíndo do sepulcro. Na escultura de Santiago reza o epígrafe seguinte: “Hic in monte Jhesum miratur glorificatum”. Na de Abraham pódese ler así mesmo “Surgit Abraham de Túmulo” e “Transfiguratio Jhesu”. Coa axuda do profesor de latín trata de descubrir o que significan.



Na parte esquerda do friso represéntase un **centauro**. Formaba parte dos doce signos do **Zodiaco** da portada norte que simbolizaban o paso do tempo fronte á eternidade de Deus. O centauro representa o signo de _____



No arco da dereita, á mesma altura que o centauro, vemos a figura á que lle dispara: unha serea de longos cabelos que leva un peixe na man e fai soar un corno. Para dar sensación de movemento, unha frecha pásalle a rentes da cabeza, a outra atravésalle o peito. As sereas trataron de enganar cos seus cantos a Ulises que tivo que tapar con cera os oídos para non escoitalos. Nos bestiarios medievais representa a tentación e o pecado.

Reconstrución da desaparecida porta Norte

